



BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS - 2022/2023

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública pola que se oferta á cidadanía a participación e inscrición nas actividades culturais e deportivas para tempada 2022-2023, dende outubro de 2022 a maio de 2023.

Nestas bases regúlanse os criterios que segue o Departamento de Cultura do Concello de Cabana de Bergantiños para a inscrición e participación nas actividades que organizan atendendo ás necesidades específicas do propio concello e mantendo un programa tendo en conta as características das persoas destinatarias tanto no referente a idade como a outros aspectos específicos que inciden no desenrolo das actividades co obxectivo de promover a saúde física e mental, o benestar emocional, a independencia e a participación social.

Estas bases faranse públicas na páxina web municipal <https://sede.cabana.gal/opencms/es/>.

Así mesmo, poderase obter información no teléfono do Concello de Cabana de Bergantiños 981754020.

2. CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

1. Terán prioridade as persoas solicitantes que estean empadroadas no Concello de Cabana de Bergantiños no momento da inscrición. As persoas empadroadas en concellos limítrofes poderán inscribirse e optar ás prazas, de ser o caso, que queden libres.

2. As persoas participantes nas actividades deberán ter a idade esixida nas condicións de cada actividade. Para estes efectos tomarase como consideración a idade cumprida a 31 de decembro de 2022.

3. A concesión da praza implica a asistencia a actividade. Un 40% de faltas sen xustificar bimestralmente significará a perda automática de praza na actividade.

4. Se a actividade non reúne o número mínimo de solicitudes de participantes previsto na programación municipal, o concello poderá acordar a supresión da actividade.

5. A inscrición nas actividades supón aceptar as condicións establecidas para cada actividade, así como o estrito cumprimento do seu horario e das directrices e instrucións marcadas polo persoal técnico municipal e polo monitorado responsable.

6. As persoas participantes nas distintas actividades culturais e deportivas están obrigadas ó bo uso e conservación dos espazos, medios ou material que utilicen.

7. As persoas con discapacidade poderán solicitar praza en calquera actividade cultural, social e deportiva tendo en conta o seguinte:

- No momento da inscrición indicárase se a persoa é dependente e, de ser o caso, terá que xustificalo coa presentación do certificado de discapacidade ou grao de dependencia. As persoas dependentes que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo no momento da inscrición.

En todo caso optarán á praza nas mesmas condicións que o resto de solicitantes.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

- Se padece algún tipo de discapacidade ou existe calquera dato relevante que poida incidir na práctica da actividade na que está inscrita deberá achegar informe médico dirixido ao Departamento de Cultura na semana posterior ao momento da súa inscrición. No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa poida atoparse nalgunha destas circunstancias, o Departamento de Cultura poderá requirirle expresamente a achega do certificado médico ou un documento equivalente.

8. As persoas que participan nas actividades:

- Declaran que son certos os datos que aportan e fan constar que non padecen ningunha enfermidade que os incapacite para á práctica da actividade na que se inscriben.

- Autorizan a toma de fotografías, gravacións de imaxes e rexistros de son e a poder difundilas a través dos medios de comunicación audiovisuais, redes sociais, xornais ou para súa utilización en folletos, outros soportes de promoción ou calquera tipo de documento que publique o concello. No caso contrario, teñen que indicar que non autorizan.

-Aceptan que a organización resérvase o dereito de efectuar as modificacións de instalacións e horarios que considere oportunos.

De conformidade có establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos declarados pasarán a formar parte dos arquivos das concellería de Educación e Xuventude, e de que o responsable do seu tratamento será o Concello de Cabana de Bergantiños. Os ditos datos serán usados para xestionar as actividades culturais e deportivas organizadas polo concello. O Concello de Cabana de Bergantiños poderá publicar listaxes das persoas solicitantes coa finalidade de darlles publicidade ás listaxes de persoas admitidas nas actividades. As persoas inscritas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, ao abeiro da lexislación vixente, perante o Sr. Alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños.

3. PRAZO E LUGAR DE INSCRICIÓN

Data da inscrición e horario	Do 19 ao 23 de setembro de 2022 De 9:00 a 14:00 horas
Lugar de presentación das solicitudes no departamento correspondente	Inscricións no Departamento de Cultura
Inicio das actividades	A partir do 3 de outubro de 2022

4. ADMITIDOS/AS NAS ACTIVIDADES E LISTAXE DE AGARDA

A admisión das persoas participantes farase, cumpridos os requisitos, por rigurosa orde de chegada ata cubrir as prazas dispoñibles.

En caso de que algunha actividade supere a ratio de admitidos, elaborárase unha listaxe de agarda segundo a orde de inscrición. No caso de renuncia, a listaxe irá correndo segundo a orde numérica



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

As persoas solicitantes que se atopen en listaxe de agarda serán avisadas telefonicamente cando queden prazas vacantes. Despois de realizados dous intentos de chamada telefónica sen conseguir contactar con elas, perderase o dereito á praza.

5. CARNÉ MUNICIPAL

É imprescindible para a participación en calquera actividade cultural e deportiva.

A obtención ou renovación e o pagamento do carné municipal realizarase no momento ou durante o prazo da inscrición das actividades.

6. ACTIVIDADES

BAILERÍAS LATINAS E DE SALÓN

MARTES	XOVES	SÁBADO
16:00-17:00 Bailes de Salón e Ritmos Latinos INFANTIL	16:00-17:00 Bailes de Salón e Ritmos Latinos XUVENIL	17:00-18:00 Bailes de Salón INICIACIÓN
21:00-22:00 Lady Style Latinos ADULTOS		18:00-19:00 Ritmos Latinos ADULTOS
22:00-23:00 Bailes Latinos ADULTOS		19:00-20:00 Bailes de Salón ADULTOS

* TODAS AS ACTIVIDADES PODERÁN SUFRIR ADAPTACIÓN E MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS INSCRITAS

ALUGUER PAVILLÓN DEPORTIVO

Para acceder a esta instalación é imprescindible:

- Presentar solicitude no rexistro do Concello.
- Ingresar o importe da taxa, no caso que proceda, mediante autoliquidación.

- Entrenamentos equipos federados(€/h)**
 - Empadroados no Concello 1,50€
 - Non empadroados no Concello 3€
- Entrenamentos equipos non federados, clubs e asociación(€/h)**
 - Empadroados no Concello 6€
 - Non empadroados no Concello 9€
- Bono mensual redución do 25%**
 - Empadroados no Concello 4,50€
 - Non empadroados no Concello 6,75€
- Bono anual redución do 35%**
 - Empadroados no Concello 3,90€
 - Non empadroados no Concello 5,85€

LUGAR DE INSCRICIÓN

- Departamento de Cultura do Concello de Cabana de Bergantiños

CARNÉ MUNICIPAL

- É imprescindible para: a participación en calquera actividade cultural e deportiva.
- A obtención ou renovación e o pagamento do carné municipal realizarase: no momento ou prazo da inscrición das actividades.

PREZOS

- Individual: 20 euros (empadroados) 30 euros (non empadroados)
- Familiar: 36 euros (empadroados) 45 euros (non empadroados)

REDUCCIÓN DO 50% PARA MAIORES DE 65 ANOS E PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL (DISCAPACIDADE)

COMEGO DAS ACTIVIDADES

3 DE OUTUBRO DE 2022

INSCRICIÓN PRESENCIAL

Do 19 ao 23 de setembro de 2022

Oficinas municipais
09:00 - 14:00 H.

Concello de Cabana de Bergantiños



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

GRUPO	DÍAS	HORARIO
Iniciación Musical	Luns	16:00/17:00 H.
SOLFEXO	Luns	18:00/19:00 H.
PIANO	Luns	20:00 H.
MÉRICOSES	Mércores	15:30/16:30/17:30/18:30 H.
CANTO	Mércores	19:30/20:30 H.
BATERÍA	Mércores	15:30/16:30/17:30 18:30/19:30/20:30 H.
GUIARRA	Xoves	15:30/16:30/17:30/18:30 19:30 / 20:30
GAITA	Venres	17:00 H. (Iniciación) 18:00H. (Intermedia) 19:00 (Avanzado)

PARA A ESCOLA DE MÚSICA A INSCRICIÓN SERÁ O LUNS 26 DE SETEMBRO DAS 16:00 ÁS 19:30 H.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN IDADE ESCOLAR

ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO
BALONCESTO 1 Nados entre 2014-2016 Pista do Pavillón Municipal	Luns e venres	16:30 - 17:30 H.
BALONCESTO 2 Nados entre 2006-2010 Pista do Pavillón Municipal	Luns e mércores	15:30 - 16:30 H.
PATINAXE 1 (INICIACIÓN) Nados de 2018 en diante Pista do Pavillón Municipal	Luns e venres	15:30 - 16:30 H.
PATINAXE 2 (PERFECC. 1) Nados entre 2006-2018 (*) Pista do Pavillón Municipal	Luns e venres	16:30 - 17:30 H.
PATINAXE 3 (PERFECC. 2) Nados entre 2006-2018 (*) Pista do Pavillón Municipal	Luns e venres	17:30 - 18:30 H.
PATINAXE 4 (AVANZADO) Nados entre 2006-2018 (*) Pista do Pavillón Municipal	Luns e venres	18:30 - 19:30 H.
PREDEPORTE Nados entre 2017-2019 S. activ. Pavillón Municipal	Martes e xoves	15:30 - 16:30 H.
DEPORTES DE RAQUETA Nados entre 2006-2017 Pista do Pavillón Municipal	Martes e xoves	16:30 - 17:30 H.
FÚT. SALA BIBERONS Nados entre 2017-2018 Pista do Pavillón Municipal	Martes e xoves	15:30 - 16:30 H.
FÚT. SALA BENJAMINS Y PRE Nados entre 2013-2016 Pista do Pavillón Municipal	Martes e xoves	16:30 - 17:30 H.
FÚT. SALA ALEVINS Nados entre 2014-2012 Pista do Pavillón Municipal	Martes e xoves	17:30 - 18:30 H.
JUDO 1 Nados entre 2015-2018 S. activ. Pavillón Municipal	Martes e xoves	17:00 - 18:00 H.
JUDO 2 Nados entre 2006-2014 S. activ. Pavillón Municipal	Martes e xoves	18:00 - 19:00 H.
XIMNASIA RÍTMICA 1 Nados entre 2012-2018 S. activ. Pavillón Municipal	Luns e venres	16:30 - 17:30 H.
XIMNASIA RÍTMICA 2 Nados entre 2006-2011 S. activ. Pavillón Municipal	Luns e venres	16:00 - 17:00 H.

XADREZ 1 Nados entre 2012-2016 Casa da Cultura	Luns	15:30 - 16:30 H.
XADREZ 2 Nados entre 2006-2011 Casa da Cultura	Luns	16:30 - 17:30 H.
MULTIDEPORTE DE EQUIPO Nados entre 2006-2018 Pista do Pavillón Municipal	Mércores	16:30 - 17:30 H.
	Venres	15:30 - 16:30 H.

ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS PARA PERSOAS ADULTAS

ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO
XIMNASIA TERAPÉUTICA 1 S. activ. Pavillón Municipal	Luns e mércores	10:00 - 11:00 H.
XIMNASIA TERAPÉUTICA 2 S. activ. Pavillón Municipal	Martes e Venres	11:00 - 12:00 H.
PILATES S. activ. Pavillón Municipal	Mércores e venres	11:00 - 12:00 H.
PILATES +60 S. activ. Pavillón Municipal	Luns e xoves	11:00 - 12:00 H.
XIM. DE MANTEMENTO Pista do Pavillón Municipal	Martes e xoves	10:00 - 11:00 H.
IOGA 1 S. activ. Pavillón Municipal	Luns e mércores	17:30 - 18:30 H.
IOGA 2 S. activ. Pavillón Municipal	Luns e mércores	18:30 - 19:30 H.
AEROBIC - ZUMBA - STEP S. activ. Pavillón Municipal	Luns, mércores e venres	21:00 - 22:00 H.
XIM. DE MANTEMENTO NEANO Centro de maiores	Luns e mércores	19:45 - 20:45 H.
FÚT. SALA FEMENINO Pista do Pavillón Municipal	Martes e xoves	19:00 - 20:00 H.
HOCKEY Pista do Pavillón Municipal	Martes e xoves	20:00 - 21:00 H.
FULL BODY S. activ. Pavillón Municipal	Martes e xoves	20:00 - 21:00 H.

(*) Segundo nivel